



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván  
 Castro Oliva, Manuel  
 Cidrás Pidre, José  
 Gago Rodríguez, Alberto  
 Gálvez Gálvez, Juan Francisco  
 García Mateo, M<sup>a</sup> Del Carmen  
 García Pino, Antonio  
 González Pillado, Esther M<sup>a</sup>  
 Hernández Sánchez, Jesús  
 Membiela Iglesia, Pedro  
 Montero Muñoz, María  
 Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
 Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel

### DECANOS/DIRECTORES:

Cid Fernández, Xose Manuel  
 Cruces Colado, Susana  
 Garrido Valenzuela, Irene  
 González Piñeiro, Luis  
 Muñoz López, Luis  
 Ortíz Torres, Luis  
 Pereira Domínguez, Alejandro  
 Pousada Carballo, José María  
 Rodríguez Fuentes, Gustavo  
 Sueiro Justel, Joaquín  
 Vidal Vázquez, Ricardo  
 Vivas Martínez, Carlos

### PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio  
 Domínguez Martín, Jorge  
 González Vázquez, Encarnación  
 Legido Soto, José Luis

Liz Marzán, Luis Manuel

Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

### PDI-B:

Diéguez Castrillón, M<sup>a</sup> Isabel  
 Martínez Ínsua, Ana Elina

### ESTUDANTES:

Fariñas Valiña, Iago  
 Lago Teijeiro, Xan

### PAS:

Bernal Gómez, Rosa  
 Mollinedo Lois, Carlos  
 Torres Vázquez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 13 de decembro de dous mil seis, convocada para as 9:00 horas en primeira convocatoria e as 09:30 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O mércores, día 13 de decembro de 2006, ás 09:40 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión ordinaria do día 8 de novembro de 2006.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, da composición da Comisión de selección prevista no Programa Especial de Promoción do Persoal Docente e Investigador, aprobada no Consello de Goberno do 8 de novembro de 2006.
4. Resolución dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentadas polo alumno da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais D. Santiago Rodríguez Escudero, nas materias: “Econometría”, “Dirección Financeira” e “Estratexia Internacional 2”.
5. Facultar ó Reitor, se procede, para que en nome do Consello de Goberno eleve ó Consello Social a proposta sobre a asignación de retribucións adicionais vinculadas a méritos de excelencia curricular correspondente á convocatoria de 26 de outubro de 2006 (DOG do 3 de novembro de 2006), e sobre a asignación de retribucións adicionais relativas ó complemento ó labor docente e ó labor investigador correspondente á convocatoria de 16 de outubro de 2006 (DOG do 31 de outubro de 2006).
6. Creación, se procede, de novos cargos académicos.
7. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Ceo, Ciencia e Cultura e na Fundación Illa de San Simón.
8. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo no consorcio “Instituto de Estudos Turísticos de Galicia”.
9. Aprobación, se procede, de incorporación de remanentes.
10. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2007.

11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración coa Universidade de Granma (Cuba) – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña, para o programa de promoción da intensificación da actividade investigadora – Convenio de colaboración coa fundación María José Jove e as Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña, para a realización do proxecto “Estudo da prevalencia do asma e das enfermidades
12. alérxicas na infancia en Galicia” – Convenio marco relativo ó EURES transfronterizo denominado Norte de Portugal-Galicia – Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e as tres Universidades Galegas para o desenvolvemento do postgrao oficial de Turismo – Convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para a incorporación ó programa oficial de posgrao de Ciencia e Tecnoloxía Química da Universidade de Santiago de Compostela –Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, as Universidades da Coruña e Santiago de Compostela e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, para a realización do proxecto “Empresa Concepto” – Protocolo de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, as Universidades da Coruña e Santiago de Compostela e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, para o Programa Horizontal de Recursos Humanos – Convenio de colaboración entre as tres universidades galegas e outras entidades para a rede de apoio á promoción da arquitectura en granito.
13. Rogos e preguntas.

**Punto 1.-** Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión ordinaria do día 8 de novembro de 2006.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.-** Informe do Reitor.

O Informe do Reitor neste Consello de Goberno vai referirse case de xeito exclusivo ás novidades producidas no tema da reforma das titulacións. Referiuse xa a este asunto no Informe presentado o día anterior diante do Claustro, pero nin todos os membros do Consello de Goberno están no Claustro, nin os diversos contidos que tivo que abordar no Claustro permitían o detalle e profundización que vai utilizar nesta ocasión.

Como todos os membros do Consello de Goberno saben, a posición oficial do Ministerio de Educación foi resumida no Documento de Traballo titulado “La Organización de las Enseñanzas Universitarias en España”, que foi presentado en Zaragoza o pasado mes de novembro.

Desde entón téñense celebrado sendas xuntanzas da CRUE e do Consejo de Universidades, con contidos case monográficos sobre este asunto. Na mañá do día 14 de novembro, a CRUE aprobou por unanimidade unha declaración oficial sobre a posición do Ministerio. Na tarde deste mesmo día, o Consejo sacou adiante un novo documento breve recollendo os aspectos da reforma nos que é posible acadar un amplo acordo tamén cos Reitores. Todos estes documentos están colgados na páxina web da Universidade de Vigo.

O cotexo de todos estes materiais, sobre todo deste último documento de consenso sacado adiante no Consejo de Coordinación Universitaria, permite definir o escenario máis previsible

para a reforma, así como os principais desencontros entre a CRUE e o MEC e as cuestións que demandan clarificación adicional.

*A). Aspectos que poden darse por definitivos na nova estrutura organizativa dos títulos.*

1. As ensinanzas universitarias en España estarán organizadas en tres ciclos : GRAO , MÁSTER e DOUTORAMENTO.

2. Haberá un único título de Grao Universitario, que constará de 240 créditos e dará acceso aos estudos de Máster e Doutoramento. 60 destes créditos poderán ser comúns por ámbitos ou por grupos de títulos, sen que iso obrigue a definir un curso idéntico ou un conxunto pechado de materias comúns a todos os títulos dun ámbito de coñecemento. Haberá disposicións regulamentarias para precisar isto.

3. Os títulos de Máster terán unha duración comprendida entre 60 e 120 créditos e incluírán a elaboración e defensa oral pública dun proxecto ou traballo fin de Máster.

4. Os estudos de Doutoramento poderán ser ofrecidos por Centros e Departamentos Universitarios. O seu acceso normal producirase desde o Máster, pero haberá tamén a posibilidade de definir un itinerario propio de Doutoramento como ata agora cando o perfil dos estudos, a calidade dos grupos e a demanda dos estudantes así o aconsellen. Unha norma de desenvolvemento lexislativo precisará este asunto.

5. Non haberá un Catálogo previo e pechado de Titulacións a nivel nacional, senón un Rexistro de Universidades, Centros e Títulos. Cada Universidade poderá propoñer os títulos que considere oportunos, que deberán ser autorizados polas CC.AA. e acreditados polo Rexistro. Estes importantísimos temas serán desenvolto nunha disposición lexislativa posterior.

6. Non haberá Directrices Propias para cada título, agás as que correspondan a competencias profesionais recoñecidas por Lei. Si haberá Directrices Xerais referidas a contidos xerais (obrigatoriedade de prácticas externas no Grao, de proxecto no caso dos Másters, condicións de accesibilidade aos diferentes títulos, condicións de transición para os actuais titulados, etc.).

7. A reforma das titulacións actuais e a súa adaptación aos novos títulos farase nun calendario que dará inicio en 2007 e concluirá en 2012. Os planos de estudo dos novos Títulos de Grao deberán ser aprobados e rexistrados ao longo do curso 2007-2008, comezando a súa aplicación efectiva en setembro de 2008.

*B). Posición da CRUE e clarificacións pendentes.*

1. A CRUE preferiría un deseño máis flexible, que permitise tanto manter títulos que actualmente funcionan con 180 créditos e 3 anos, como novos títulos a 3 anos de Grao e 2 de Máster. No escenario rixido dun único título de Grao a 240 créditos, como fórmula de flexibilidade propónse que o acceso aos estudos de Máster sexa posible sen ter acadado o título de Grao, aínda que cunha condición académica mínima (exemplo: ter cursado un mínimo de 180 créditos).

2. A existencia de Directrices Xerais para todos os títulos xera algunhas incertidumes que convén clarear:

a). Por unha banda, para explicar se se referirán soamente a meras normas de estrutura xeral e administrativa (exemplo : todos os títulos de Grao incluírán nos seus planos de estudo prácticas profesionais externas), ou se tamén regulamentarán sobre contidos e materias. Neste último caso, a previsión de 60 créditos comúns por ámbito necesita ben ampliar os actuais 5 ámbitos de coñecemento, ou preferiblemente facer agrupacións por familias de títulos.

b). Por outra, debe precisarse como encaixa a existencia de Directrices Xerais para todos os títulos coas Directrices Específicas para aqueles que teñen atribuídas competencias profesionais por Lei. De non casar ben esta dualidade, existe o risco de crear dúas categorías de títulos e unha presión crecente para obter directrices profesionais propias.

3. A fórmula do Rexistro de Títulos xera tamén algunhas incertidumes importantes. A CRUE entende que deberían coñecerse a priori os criterios de acreditación para que os títulos poidan ser incluídos no Rexistro, tanto por razóns de garantía de calidade (posto que será o Rexistro de todos os títulos do sistema, públicos e privados), como, no seu caso, para evitar situacións de indefensión das universidades. Isto último é especialmente importante si caemos na conta de que o Rexistro previo será condición tamén para os títulos de Doutoramento, que polo de agora estanse a resolver en cada Universidade de xeito autónomo.

4. É preciso clarificar o papel das CC.AA. no proceso de autorización para a inscrición de titulacións no Rexistro e a súa posterior impartición. Do contrario, a autonomía universitaria pode verse mermada, co risco de duplicar os filtros de autorización.

5. Respecto dos títulos de Máster debe precisarse se a aparición dos novos títulos oficiais vai supoñer na práctica a expulsión das Universidades do mundo dos másters privados. Probablemente unha reserva de nome en favor dos “Masters Universitarios” podería resolver esta cuestión, permitindo a presenza das universidades no mundo dos másters non universitarios, actualmente copado por institucións privadas, non necesariamente universitarias.

6. As precisións son importantes tamén nos aspectos referidos á transición dun sistema a outro, tanto por razóns de coexistencia e competencia de titulados, como por motivos de accesibilidade e conexión desde o escenario actual ao definido na nova Lei.

7. Por último, a nova Lei debe facer previsión dos recursos suficientes para levar adiante todo o proceso de converxencia europea, reforma das titulacións incluída. A extensión dos títulos actuais de 180 a 240 créditos e a adaptación dos novos planos de estudo aos créditos ECTS vai supoñer un custo adicional importante, que as universidades non poderán abordar sen axudas adicionais.

Todas estas cuestións foron debatidas nas últimas xuntanzas da CRUE e do Consejo de Coordinación Universitaria celebradas o pasado 14 de novembro. O MEC ten agora o compromiso de presentar con brevidade un novo Documento, con un maior nivel de formalización e precisión, para clarificar estes e outros aspectos de desenvolvemento da reforma. Por descontado, terei a este Consello puntualmente informado, persoalmente e a través da rede, de todas as novidades que vaian producíndose neste tema.

**Punto 3.-** Aprobación, se procede, da composición da Comisión de selección prevista no Programa Especial de Promoción do Persoal Docente e Investigador, aprobada no Consello de Goberno do 8 de novembro de 2006.

Cédese a palabra ó Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que, unha vez aprobada por Consello de Goberno de 8 de novembro de 2006 unha nova convocatoria do Programa Especial de Promoción de Persoal Docente e Investigador, preséntase neste momento a proposta de Comisión de Selección formada por oito profesores de recoñecida traxectoria académica. Os membros son os seguintes:

No ámbito tecnolóxico D. Fernando Pérez González e D. Antonio Barreiro Blas.

No ámbito científico D. Luis Liz Marzán e D. Armando Caballero Rúa.

No ámbito de Humanidades: Dna. Victoria Carballo-Calero Ramos e Dna. Elena Sánchez Trigo.

E polo ámbito Xurídico Social D. Javier de Vicente Remesal e Dna. Dolores Garza Gil.

Todos eles contan con polo menos dous sexenios de investigación, que é un criterio considerado para garanti-la traxectoria académica dos membros da Comisión.

A presidencia corresponde, por delegación do Reitor, ao Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, D. Antonio García Pino.

A proposta conta coa aprobación de COAP reunida o pasado 4 de decembro.

Apróbase por asentimento.

As 10:05 interrómpease a sesión pola imposibilidade de continuar coa mesma, debido a irrupción dun grupo de persoas que protestan pola falta de acordo para a sinatura dun novo convenio colectivo do persoal laboral contratado. Continúase coa reunión 5 minutos despois.

**Punto 4.-** Resolución dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentadas polo alumno da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais D. Santiago Rodríguez Escudero, nas materias: “Econometría”, “Dirección Financeira” e “Estratexia Internacional 2”.

Cédese a palabra ó Vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade quen sinala que a COAP, logo de aplicar os criterios aprobados na reunión da mesma comisión en data 26 de xaneiro de 2005, decidiu emitir informe negativo para as tres solicitudes de avaliación curricular presentadas polo alumno da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais D. Santiago Rodríguez Escudero.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 5.-** Facultar ó Reitor, se procede, para que en nome do Consello de Goberno eleve ó Consello Social a proposta sobre a asignación de retribucións adicionais vinculadas a méritos de excelencia curricular correspondente á convocatoria de 26 de outubro de 2006 (DOG do 3 de novembro de 2006), e sobre a asignación de retribucións adicionais relativas ó complemento ó labor docente e ó labor investigador

correspondente á convocatoria de 16 de outubro de 2006 (DOG do 31 de outubro de 2006).

Toma a palabra o Reitor para apuntar que se trata dun requisito formal que se ten que cumprir todos os anos en relación ós complementos autonómicos do profesorado da Universidade de Vigo, de acordo coas esixencias da normativa do Consello Social.

Apróbase por asentimento.

**Punto 6.-** Creación, se procede, de novos cargos académicos.

Trátase da creación de tres novos cargos académicos: Director de área de comunicación, Director de área de imaxe e Xefe do Departamento técnico de obras, instalacións e infraestruturas, con categoría de comisionado.

As dúas primeiras son áreas adscritas ó Reitor para cubrir o ámbito da imaxe e comunicación institucional que neste momento está moi mal atendido. No relativo ó Departamento Técnico de obras, instalacións e infraestruturas, do que se trata é de coordinar no ámbito técnico as tres unidades existentes: a oficina de medio ambiente, a unidade técnica e o servizo de prevención de riscos laborais, facendo desaparecer a unidade técnica que quedará integrada neste Departamento.

O profesor Legido intervéñ para sinalar que o Equipo de goberno está creando cada vez novos cargos nun equipo de por si xa moi numeroso e que existen postos que non terían que ser determinados deste xeito senón que debería pensarse en incluílos no cadro de persoal. Manifesta, polo tanto, o seu desacordo coa proposta do Reitor.

Debátese sobre a necesidade ou non da creación destes novos cargos, sobre a conveniencia ou non de profesionalizar a administración universitaria e sobre qué servizos deben quedar dentro ou fóra da Universidade, con intervención do Reitor, e dos profesores Legido e Berrocal.

Pide a palabra tamén o Vicerreitor de planificación quen, para clarear todas as dúbidas, expón cales son as funcións propias do Xefe do Departamento Técnico de obras, instalacións e infraestruturas; en concreto: o seguimento das obras, instalacións e infraestruturas que se estean a acometer na Universidade no relativo a edificacións docentes e de servizos, edificacións e instalacións de I+D e plan RAM; a coordinación das actividades do servizo de Prevención, Oficina de medio ambiente e Unidade Técnica no relativo a estudos, proxectos e actuacións que poidan incidir na actividade da universidade; o informe á comunidade sobre as actuacións postas en marcha; a planificación da execución das obras de acordo coa actividade docentes e de investigación nos centros; a execución das obras, instalacións e infraestruturas correspondentes ao RAM; os estudos e posta en marcha de programas de aforro enerxético nas edificacións da Universidade: seguimento da eficiencia enerxética dos edificios. Propostas de melloras. Avaliación de medidas; o plan de seguridade dos laboratorios e plan de control de accesos e anti-intrusismo na Universidade; e a base de datos das edificacións, instalacións e infraestruturas da universidades considerando a súa utilización, situación e estado.

Procédese á votación sobre a proposta de creación destes novos cargos académicos.

O resultado da mesma é o seguinte:

- Votos a favor: 28
- Votos en contra: 0
- Abstencións: 9

Apróbase por maioría.

**Punto 7.-** Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Ceo, Ciencia e Cultura e na Fundación Illa de San Simón.

O obxectivo social da Fundación Ceo, Ciencia e Cultura é, de acordo cos seus Estatutos, a realización de actividades con fins educativos, culturais, científicos e de fomento á investigación, achegando a Ciencia e os progresos e resultados relacionados con ela á sociedade, con especial énfases entre os nenos e os mozos. Coidando o interese por todas as disciplinas científicas en xeral, utilizarase a Astronomía e todos os campos do saber relacionados con ela en particular como vehículo principal na consecución dos obxectivos da Fundación.

A incorporación non supón obrigas financeiras por parte da Universidade.

No que respecta á Fundación Illa de San Simón, ten por obxecto: desenvolver actividades culturais e educativas primordialmente relacionadas co mar, mediante a organización de congresos, cursos e seminarios, nas Illas de San Simón e San Antonio; conservar e xestionar as instalacións e edificacións das citadas Illas e potenciar os seus valores naturais, culturais e paisaxísticos; fomentar o deporte da vela, mediante a organización dunha escola que contribúa á súa difusión e promoción; impulsar a investigación, en especial a orientada ao mundo do mar e da memoria histórica.

A incorporación da Universidade non supón ningunha obriga financeira.

Intervén o profesor Legido para felicitar ó Reitor pola participación da Universidade nestas fundacións.

Apróbase por asentimento.

**Punto 8.-** Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo no consorcio “Instituto de Estudos Turísticos de Galicia”.

Trátase dunha iniciativa que parte da Consellería de Innovación e Industria, a sociedade de Imaxe e Promoción turística de Galicia (Turgalicia, S.A.), a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo (Xacobeo, S.A.), a Confederación de Empresarios de Hostalería de Galicia, e as tres Universidades do Sistema Universitario Galego para a creación do Consorcio *Instituto de Estudos Turísticos de Galicia*.

O obxectivo do Instituto de Estudos Turísticos é contribuír ao desenvolvemento do sector turístico de Galicia, en especial no ámbito da investigación, e particularmente: o estudo da capacidade competitiva das empresas turísticas e do sector turístico de Galicia; o desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido do turismo; a prestación de asistencia ás entidades e empresas vinculadas ao turismo orientada á

mellora da calidade do sector, preferentemente no tocante á difusión dos seus servizos, a organización da produción, ao cumprimento da lexislación vixente, entre outros; a participación na transferencia de resultados de investigación entre os centros públicos de investigación e as empresas vinculadas ao sector turístico; o fomento e desenvolvemento de investigación cooperativa entre empresas; a análise estatística do desenvolvemento do sector turístico e as súas necesidades; e calquera outra actividade orientada a mellora-la posición do sector turístico de Galicia no marco nacional e internacional.

Apróbase por asentimento.

**Punto 9.-** Aprobación, se procede, de incorporación de remanentes.

Cédese a palabra á Vicerreitora de Economía, que expón cáles son os importes e aplicacións para a incorporación de remanentes de libre disposición:

Programa 122P “Proxectos de Investigación con financiamento externo ”	
1334 - 644.02 .....	52.880,05
REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 122P	52.880,05
Programa 300C “Programa Servizo de Xestión Descentralizada ”	
0003 - 230.07 .....	6.272,99
0004 - 230.07 .....	3.750,09
REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 300C	10.023,08
Programa 300V “Programa Innovación e calidade ”	
0000 - 640.06 .....	22.453,44
REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 300V	22.453,44
Programa 211D “Docencia e Alumnado ”	
0000 - 484.02 .....	184.972,00
REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 300V	184.972,00
IMPORTE TOTAL APLICADO	270.328,57

Apróbase por asentimento.

**Punto 10.-** Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2007.

Cédese a palabra á Vicerreitora de Economía quen sinala que o orzamento 2007 da Universidade de Vigo (**anexo nº 1**) define un escenario financeiro que podemos cualificar, en xeral, como moi positivo; e fai un resumo das principais magnitudes de ingreso : Un volume total de recursos de 152,4 millóns de euros, que medran a unha taxa anual do 5,59% e que proceden das seguintes fontes: da C.A., 103,2 millóns € (68% do total); financiamento externo por competencia: 24 millóns € (16%); prezos e taxas : 15,4 millóns € (10%); outros ingresos : 9,8 millóns € (6%).



As liñas de actuación nas que este equipo de goberno pretende facer fincapé en 2007 son:

a) *Mellora salarial, compromiso coa estabilidade e programa de promoción.*

b) *Infraestruturas de investigación.* Infraestruturas centralizadas de investigación: Estación de Ciencias Mariñas, Edificio C.I.T.I. de Ourense, Ampliación do C.A.C.T.I., Animalario e Módulo Tecnolóxico-Industrial. Sociedade CITE XVI, xeradora de espazo para a incorporación ó campus de Vigo de actividades privadas de I+D+i.

No Orzamento para 2007 realízanse os seguintes esforzos orzamentarios: 14.800.000 € a Infraestruturas centralizadas de investigación (94% do total); e 1.000.000 € (6% do total) a Infraestruturas descentralizadas, incluíndo a participación da Universidade na sociedade Citexvi.

c) *Infraestruturas docentes e administrativas.* Nesta liña preferente inclúense as seguintes actuacións:

c.1. En primeiro lugar, a continuidade de compromisos construtivos de anos precedentes, que implica a 1ª fase bis, a 2ª e 3ª fase do edificio de CC. da Educación e do Deporte de Pontevedra, Edificio das Artes, a Biblioteca do edificio de CC. Experimentais de Vigo, ademais do 4º prazo da adquisición do edificio Miralles.

c.2. En segundo lugar, a primeira fase do proxecto construtivo de Paulo Mendes da Rocha, que comezaremos pola zona de aparcadoiro de vehículos do ámbito da enxeñería do campus de Vigo cunha dotación de 3 millóns de euros.

c.3. E, por último, toda unha serie de actuacións de adaptación, reforma e mantemento nos tres campus, que inclúen obras por importe global de máis de 2 millóns de euros.

d) *Outras infraestruturas centralizadas.* O orzamento 2007 dota crédito para outras dúas infraestruturas centralizadas: Plan de Seguridade dos Laboratorios e Plan de Control de Accesos e Seguridade de Centros e Instalacións. A Unidade Técnica veu traballando nestas dúas liñas de mellora durante o exercicio 2006 e está xa en condicións de levar adiante as primeiras fases de actuación.

e) *Compromisos coa descentralización.*

O orzamento 2007 insiste no proceso de descentralización económica e administrativa con algunhas iniciativas que merecen un comentario. En primeiro lugar, mantéñense as orgánicas dos programas 211A, 211E e 300S do Campus de Ourense. E ademais, faise previsión da contratación dun Vice-Xerente para este mesmo Campus, ó que queren atribuírselle competencias crecentes de tipo administrativo, concursal e de investigación.

Polo que respecta ó Campus de Pontevedra, algunhas actuacións permitirán iniciar o mesmo camiño descentralizador a partir de 2007. A creación da vicerreitoría do campus de Pontevedra vai permitir establecer competencias descentralizadas do mesmo xeito que ata agora se ven realizando no campus de Ourense. Créanse orgánicas PON1 para 211E e 300S, que fai referencia a Actividades culturais e solidariedade e Servizos de Xestión centralizada, respectivamente. E ademais, faise previsión da contratación dun Vice-Xerente para este mesmo Campus, ó que queren atribuírselle competencias crecentes de tipo administrativo, concursal e de investigación.

f). *Apoio á adaptación o EEES e á creación de Programas oficiais de Posgrao.* Neste exercicio vaise dar apoio ós centros para a adaptación de ensinanzas ó EEES das actuais titulacións e tamén darase apoio orzamentario á posta en marcha de novas titulacións oficiais de posgrao, cunha dotación total de 270.000 euros para ambas iniciativas.

g). *Compromiso co Plan de Calidade Docente.* O orzamento para 2007 insiste nesta liña de gasto, coa finalidade de vencellar os incrementos no financiamento de Centros e Departamentos ós rendementos obxectivos por produción docente, rexeitando, polo tanto, os mecanismos tradicionais de financiamento universal e incondicionado.

h). *Outras actuacións de interese.* Quixera referirme, por último, a outras iniciativas contempladas no orzamento 2007 que teñen un notable interese.

h.1. En primeiro lugar, creo que debe salientarse o crecemento orzamentario en 2007 das dotacións asignadas ó Centro de Linguas e a Oficina de Relacións Internacionais.

h.2. E, en segundo lugar, novamente debe destacarse o esforzo dedicado ó programa “Fomento de Proxectos de Investigación”, que incrementa o seu importe en 2 millóns €, a unha taxa de crecemento do 14,4%. Nesta evolución ten moito que ver a partida 641.02, destinada ás axudas ós grupos de investigación de referencia. A súa dotación para 2007 é de 1,2 millóns de euros, cun incremento de 222.000 € e do 22% sobre a dotación de 2006.

h.3. En terceiro lugar, dáselle dotación para a recentemente creada Área de Igualdade, co obxectivo de dar apoio os temas relacionados coa conciliación. Tamén dáselle apoio orzamentario ó Comisionado do Plan Estratéxico para que se dean os primeiros pasos na elaboración do Plan Estratéxico para a Universidade de Vigo no vindeiro exercicio. Pretende ser un proceso aberto, flexible e que consiga implicar á maioría dos membros da Comunidade Universitaria, ó Consello Social e ó resto dos cidadáns.

O orzamento 2007 ten outras características salientables:

En primeiro lugar, no Cadro 1, hai un incremento bruto de 8 millóns de euros nos ingresos consignados para 2007, que representan un crecemento relativo do 5,6% sobre os ingresos computados no exercicio anterior. Hai que aclarar que as magnitudes de ingresos e gastos dos exercicios 2006 e 2007 non son estritamente comparables. No orzamento de 2007, seguindo as recomendacións do Consello de Contas non se inclúen os contratos xestionados en Feuga, o que significa detraer das contas 3,5 millóns de euros aproximadamente.

No *Cadro 3* de gasto, os gastos correntes do exercicio medran case 8 millóns de euros, a unha taxa anual do 8%. A súa participación relativa no total de gastos do exercicio aumenta 1,6 puntos a conta das operacións de capital. Pero se incluírmos os contratos xestionados en Feuga, entón as cifras mantéñense inalteradas con respecto ó exercicio anterior.

Ó mesmo tempo, os gastos de inversión directa no capítulo VI redúcense en case 1 millón de euros, que ten a súa explicación no anteriormente comentado sobre Feuga. No seu conxunto, o 30,6% do total de gastos da Universidade de Vigo para 2007 son gastos de capital, e deles, un 94% son inversións directas do capítulo VI. Pódese dicir, polo tanto, que a institución sigue xogando a futuro, incrementando o seu perfil inversor, sen por iso renunciar a incrementos moi significativos nos gastos de funcionamento cotián.

Obsérvense agora os datos do cadro 4. O saldo das operacións correntes (Ingresos Correntes – Gastos Correntes) é positivo en 3.496.384 euros, o que deriva lóxicamente nun saldo negativo por igual cantidade nas operacións de capital.

Pódese afirmar, polo tanto, que a pesar do esforzo programado para 2007 en gasto corrente, a Universidade de Vigo é capaz de xerar aforro para dedicalo a investimento polo que podemos afirmar que gozamos dunha estrutura financeira privilexiada. Por iso, debéramos facer un fronte común de cara a manter esta situación no futuro, aproveitando que o PF concede unha marxe xenerosa de actuación .

E observemos, por último, a evolución cuantitativa dos programas de gasto, que figura resumida no Cadro 5. Como se poderá observar na terceira columna, os esforzos cuantitativos máis importantes prodúcense nos programas 122F, de Fomento de Proxectos de Investigación e 300S, de Servizos Centralizados.

Non obstante, se nos fixamos na evolución relativa, as maiores taxas de crecemento nos programas do orzamento 2007 prodúcense, por esta orde, nos programas da Oficina de Relacións Internacionais, do Centro de Linguas, de adaptación ó Espazo Europeo de Educación Superior, de Másters, cursos de especialización e outros cursos e, de novo, de Fomento de Proxectos de Investigación. INTERNACIONALIZACIÓN, INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN: estas son as apostas imprescindibles para calquera universidade moderna.

O que sigue nas seguintes corenta páxinas do documento é o detalle dos 27 programas de gasto, no que non me vou parar agora. Tan só quixera mencionar, para finalizar esta presentación, algunhas innovacións formais e de xestión económica que se inclúen nas normas de execución que incorpora o documento a partir da páxina 69.

#### NOVIDADES NA CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

Todos os cambios son para ter a mesma clasificación económica as tres universidades que á súa vez é igual á da Xunta, aínda hai que facer máis cambios, pero será o próximo ano.

#### NOVIDADES NA CLASIFICACIÓN ORGÁNICA

Desaparece 0077 "Comisionado de Boloña"  
 Novas PON1 "Campus de Pontevedra"  
 ORI1 "Oficina de Relacións Internacionais"

Estes cambios son para facilitar a xestión orzamentaria e para identificar correctamente os centros de gasto ou unidades de xestión.

#### NOVIDADES NA CLASIFICACIÓN FUNCIONAL

Os programas 211R, 211M e 214K desenvolveranse por medio de subprogramas, para facilitar a xestión das diferentes actividades que levan a cabo. O programa R modifica a súa denominación pasando a ser "accións de intercambio", antes denominábase "Oficina de Relacións Internacionais".

A utilidade destes cambios é que permite que se poida xestionar separadamente cada un dos programas de intercambio no caso da ORI, cada una das cátedras, protocolos EURES, etc.

Créase unha nova clasificación funcional 211L que recolle as accións para a adaptación ó EEES e a posta en marcha dos novos POPs.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén en primeiro lugar o profesor Legido para sinalar que o proxecto de orzamento cumpre co compromiso electoral do Reitor pero está moi distante do que pensan os membros da Comunidade Universitaria. A estrutura orzamentaria que se presenta está saneada, pero isto non beneficia a PAS, profesores e alumnos. Así, se gasta moito en construción e mantemento dos edificios xa rematados pero que teñen deficiencias, como son os problemas de climatización. Polo contrario, as cantidades que se inverten nos centros, onde non hai diñeiro para facer práctica e os laboratorios teñen carencias, e nos departamentos, onde a estrutura de execución orzamentaria e cada vez máis complicada, é moi pequena, así como na Biblioteca, onde se fai un esforzo pero non suficiente.

Por todo o anterior o profesor Legido anuncia xa que non dará o seu apoio ó proxecto de orzamento presentado.

Seguidamente, o profesor Berrocal lamenta o procedemento seguido para a aprobación deste proxecto de orzamento xa que non permite debate nin diálogo por falta de tempo, aínda que os prazos legais respéctanse en todo caso. Destaca na súa intervención o traballo profesionalmente impecable que se presenta ós membros do Consello pero critica a súa filosofía. En concreto, a situación de bonanza económica non se percibe en ningún momento e o crecemento económico non procede de diñeiro aportado de fóra, de tal xeito que non se conseguen novas vías de financiamento. No relativo ás partidas de gasto, manifesta o seu desacordo co incremento en partidas de infraestruturas non vinculadas á investigación, como é o caso das vías elevadas Méndes da Rocha.

Intervén tamén o Sr. Torres para facer dúas suxestións de incremento de partidas, despois de pedir desculpas á Vicerreitora de Economía por non telas feito antes na Comisión Económica: dunha parte, plans de pensións e outros gastos sociais; e doutra en préstamos.

A profesora Cruces sinala que non hai incremento nas partidas dos Departamento cando hai aumento de persoal. Tampouco hai incremento na partida de valoración docente nin se fai ningún esforzo na partida da Biblioteca. Solicita ademais que se revisen os criterios de valoración da produción científica que seguen prexudicando ó ámbito das humanidades.

Toma a palabra a Sra. Vicerreitora de Economía para responder de forma xeral ás cuestións suscitadas; inicia a súa intervención coa observación sobre a falta de percepción da bonanza económica por parte da comunidade universitaria, poñendo de manifesto que a situación que se vive é de estabilidade e permite que se pense no futuro.

No relativo á falta de incremento nas partidas dos centro, fixo unha rolda con directores de centro e decanos, aínda que non con todos, como era o seu desexo, e a sensación era de un nivel de satisfacción aceptable. Aínda así se incrementou a dotación dos centros cun aumento xenérico

do 3,4% na maior parte das partidas e con aumentos maiores en partidas como a dedicada a *Atencións Protocolarias*.

En canto ás partidas dos departamentos, estas puideron verse reducidas por diminución do número de profesores, aínda que pode haber algún erro que se revisará.

No que respecta ás queixas manifestadas polos profesores Berrocal e Cruces sobre o proceso de aprobación do orzamento e a limitación do prazo para o estudo do mesmo, a Vicerreitora expón que o procedemento foi transparente e que en ningún caso se quixo limitar o debate senón todo o contrario.

Responde ademais ó profesor Berrocal que a partida para as pasarelas Mendes da Rocha responde a unha idea de humanización do campus e que se permita a mobilidade dentro do mesmo.

Finalmente, en relación á intervención do Sr. Torres, comprométese a estudar a posibilidade de incrementar as axudas en acción social se existe remanente de libre disposición.

Intervén o profesor Pousada para preguntar pola actualización das partidas orzamentarias dos centros. A Vicerreitora de Economía responde que se consolida a cantidade de 400.000 euros e despois hai un aumento do 3,4 %.

O profesor Legido intervén novamente poñendo de manifesto a falta de cartos nos centros e, poñendo como exemplo, a Facultade de Ciencias onde falta espazo, hai goteiras e incomodidade dos profesores e o diñeiro é escaso para facer as prácticas.

A Vicerreitora de Economía responde que efectivamente non están cubertas todas as necesidades dos centros que haberá que ir cubrindo de forma progresiva.

O Prof. Muñoz sinala que non existe a Facultade de Ciencias.

O Prof. Berrocal lamenta que o Decano de química non demostre preocupación algunha polo presuposto e sinala que se aporta 1.000 veces máis diñeiro para pasarelas que para o Capítulo II de departamentos e pon de manifesto que a aposta polos departamentos en lugar de polos centros se afasta da filosofía de Universidade que teñen os membros da comunidade universitaria.

O prof. Muñoz intervén por alusións e pon de manifesto o seu desacordo co profesor Legido no relativo ó diñeiro para prácticas, posto que este é suficiente para facer as mesmas. Éntrase nun debate sobre o tema con intervención dos profesores Legido e Berrocal sobre a situación do centro. Tendo que recordar o Reitor que isto non é unha Xunta de Facultade.

Como peche o Reitor fai unha reflexión final poñendo de manifesto que temos tanta costume de estar sempre mendigando cartos para a Universidade que cando temos un incremento do 5,4 % isto nos parece ilusionante, fronte as angustias pasadas noutros anos. Agora ben, tendo en conta o que se pide á Universidade dende a sociedade, isto esixe que se aumente o financiamento das Universidades por parte dos gobernos nacional e autonómico.

Procédese á votación a man alzada da proposta de orzamento:

- Votos a favor: 30
- Votos en contra: 5
- Abstencións: 1

Apróbase por maioría.

**Punto 11.-** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración coa Universidade de Granma (Cuba) – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña, para o programa de promoción da intensificación da actividade investigadora – Convenio de colaboración coa fundación María José Jove e as Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña, para a realización do proxecto “Estudo da prevalencia do asma e das enfermidades alérxicas na infancia en Galicia” – Convenio marco relativo ó EURES transfronterizo denominado Norte de Portugal-Galicia – Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e as tres Universidades Galegas para o desenvolvemento do postgrao oficial de Turismo – Convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para a incorporación ó programa oficial de posgrao de Ciencia e Tecnoloxía Química da Universidade de Santiago de Compostela – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, as Universidades da Coruña e Santiago de Compostela e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, para a realización do proxecto “Empresa Concepto” – Protocolo de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, as Universidades da Coruña e Santiago de Compostela e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, para o Programa Horizontal de Recursos Humanos – Convenio de colaboración entre as tres universidades galegas e outras entidades para a rede de apoio á promoción da arquitectura en granito

Apróbanse por asentimento.

**Punto 12.-** Rogos e preguntas.

Intervén o profesor González Piñeiro para facer dúas preguntas, en primeiro lugar sobre a posibilidade de que nas probas de conxunto se poidan facer os exames en febreiro; en segundo lugar sobre a posibilidade de que os alumnos que están cursando planos en extinción e xa non teñen docencia e se poden matricular en outra especialidade e despois validar, se é posible que non se lles obrigue a matricularse de todo.

A Secretaria Xeral responde que se estudará o tema para darlle unha resposta coa maior brevidade.

O Sr. Fariñas pregunta se é posible que nas actas do Consello de Goberno se poñan as listas de asistentes por sectores.

Roga ademais que se é posible se revise o tema dos alumnos Erasmus que cando chegan aquí se lles cobra a tarxeta universitaria e a apertura de expediente, así como o curso de idioma.

O profesor Rodríguez Fuentes pregunta se se consultou á Universidade antes de sacar o complemento de excelencia curricular, pois se mesturan criterios de docencia e investigación e iso produce prexuízos.

Contesta o Vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade para explicar o procedemento seguido para a elaboración dos criterios e o método empregado para a determinación da puntuación do profesorado neste tipo de complementos salariais.

Debátese sobre o tema entre o Vicerreitor e o profesor Fuentes.

Intervén a profesora Cruces para preguntar se o equipo de goberno ten algún tipo de plan de captación de alumnado ante a diminución do mesmo.

O Vicerreitor de Relacións Institucionais explica que tivo xa unha reunión cos decano sobre as campañas de captación de alumnado.

Novamente, a profesora Cruces pregunta se se coñecen as causas da falta de asistencia do alumnado a clase, posto que é evidente que cada vez o alumnado asiste menos; ademais expón se é posible facer un plan de seguimento do grao de contento do alumnado.

O Reitor contesta que esa é unha cuestión que implica a todos, incluídos os órganos colexiados: departamentos e Centros. Ademais a intención é, como se fixo o ano pasado, de que dende o Consello Social se pregunte sobre o fracaso escolar.

En relación a este tema, o Vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade sinala que o 20 de decembro sairá unha publicación sobre o fracaso escolar, con 3.400 enquisas. Por outra banda, o Tribunal de Garantías ten un estudio sobre a asistencia dos alumnos a clase, que está nas bibliotecas da Universidade.

O profesor Vidal pregunta sobre a situación das Cátedras I+D declaradas nulas polos Tribunais.

O Reitor contesta que xa tivo unha xuntanza cos afectados e que, neste momento, os procesos xudiciais aínda non están pechados posto que están pendentes recursos individuais dos afectados.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:20 horas do día 13 de decembro de 2006 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor

O reitor

A secretaria xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther M<sup>a</sup> González Pillado